

1. CONVOCATORIA DE XUNTA XERAL (1ª/2017)

De acordo co establecido nos artigos 88 e 90 do Estatuto do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e nos artigos 55 e seguintes do Estatuto xeral da avogacía española, a Xunta de Goberno, na sesión do día 01.02.2017, tomou o acordo de convocar a xunta xeral ordinaria (primeira de 2017) para o vindeiro **9 de marzo de 2017, ás 20:00 h**, no salón de actos deste colexio, consonte a seguinte:

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral.
2. Recensións que realizará o decano sobre os acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación co colexio.
3. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.
4. Proposicións.
5. Rogos e preguntas.

2. GUÍA COLEXIAL 2017: ACTUALIZACIÓN DE DATOS

Coma todos os anos, o Colexio de Avogados vai editar proximamente a Guía Colexial 2017. Ábrese un prazo **ata o vindeiro 24 de febreiro** para que os colexiados/as que desexen actualizar os seus datos profesionais o comuniquen na secretaría do colexio. Calquera solicitude de cambio de datos posterior a esta data non se recollerá nesta publicación.

Así mesmo, os letrados/as que desexen incorporar unha foto nesta guía deberán remitirnos unha en tamaño carné xunto cunha autorización por escrito para a súa publicación.

3. COLABORACIÓN NA CAMPAÑA DE MICROMECEENADO DE BIOPSIA LÍQUIDA

O Colexio de Avogados colabora na difusión da campaña de micromecenado, colaborativo e desinteresado, do proxecto deseñado polo grupo de Oncoloxía Médica Traslacional para realizar investigación sobre biopsia líquida en cancro e poder acelerar a súa incorporación á rutina asistencial á vez que manter a Galicia na vangarda da dita investigación.

A campaña persegue acadar un financiamento de 500.000 euros, necesario para a adquisición de equipos especializados e persoal cualificado para a análise de mostras, co seguinte detalle:

- Adquisición de equipo PCR-dixital para a análise de ctDNA
- Adquisición de sistema para analizar CTCs
- Análises de 300 mostras de sangue
- Contrato dun licenciado durante 3 anos

Máis información e colaboracións en: www.oncomet.es / tfno.: 981 955 344